

1. Coñeces a Lei de Prevención de Riscos Laborais e o Regulamento dos Servizos de Prevención?
 Si
 Non
2. Tes realizada a avaliación de riscos ou o plan de prevención para a túa explotación?
 Si
 Non
3. Os Equipos de Protección Individual que empregas levan marcado «CE»?
 Si
 Non
4. Contas na túa explotación con medios materiais necesarios para a loita contra incendios?
 Si
 Non
5. Tes caixa de primeiros auxilios?
 Si
 Non
6. A túa instalación dispón de saídas de emerxencia?
 Si
 Non
7. Contas coas sinalizacións adecuadas: extintores, saída de emerxencia, restrición de paso?
 Si
 Non
8. Dispós do libro de visitas?
 Si
 Non
9. Levas a cabo a coordinación da actividade preventiva?
 Si
 Non

SOLUCIÓN: Se marcares algunha casilla como *NON*, deberías buscar asesoramento especializado en materia de prevención de riscos laborais.

Coa transposición ao dereito español da Lei de Prevención de Riscos Laborais (Lei 31/1995) e o desenvolvemento de dita normativa a través de numerosos Reais Decretos e Instrucións Técnicas, a lexislación española configúrase como unha das máis avanzadas de Europa respecto á protección e garantía da saúde dos traballadores.



Máis información en Unións Agrarias-UPA,
Doutor Maceira, 13 Baixo, 15706 Santiago de
Compostela (A Coruña)

☎ 981.530.500 // Fax. 981.531.724 //

E-mail: uuaa.prl@gmail.com //

www.unionsagrarias.org/riscos/

CHARLA INFORMATIVA Prevención de Riscos Laborais

*Para Agricultores e
Gandeiros en materia de
Prevención de Riscos
Laborais*

2014

*Orde de 21 de marzo de 2014
pola que se establecen as
bases reguladoras das
axudas destinadas a accións
de fomento da prevención de
riscos laborais na
comunidade autónoma de
Galicia no exercicio de 2014*

Normativa para os autónomos en materia de Prevención de Riscos

- Lei 20/2007, do Estatuto do Traballo Autónomo.
- Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, o Real Decreto 171/2004.
- Artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.

Debes cumprir coa normativa en materia de Prevención?

Si, o Estatuto do Traballador Autónomo, establece que os traballadores autónomos deben cumprir coas obrigacións en materia de seguridade e saúde laboral que a lei ou os contratos que teñan presentes impoñanlles, así como seguir as normas de carácter colectivo derivadas do lugar de prestación de servizos.


Ten as mesmas obrigas un autónomo sen asalariados ao seu cargo que un autónomo con traballadores ao seu cargo?

Non, o “autónomo con asalariados ao seu cargo” ten as mesmas obrigas que calquera outro empresario principal independentemente da forma xurídica.

Craves no cumprimento da Lei de Prevención na túa explotación



Principios da Acción Preventiva



Modalidades

Nº de traballadores	Actividade da empresa	
	Incluída no Anexo I Lei 31/95	Non incluída no Anexo I Lei 31/95
Ata 10 traballadores ⁽¹⁾	Traballador designado SPP SPA	Propio empresario ⁽¹⁾ Traballador designado SPP SPA
Ata 25 traballadores ⁽²⁾ (Art. 39 da Lei 14/2013 de 27 de setembro de apoio aos emprendedores e internacionalización)		Propio empresario ⁽²⁾ Traballador designado SPP SPA
11 – 249 traballadores	Traballador designado SPP SPA	
250 – 500 traballadores	SPP	Traballador designado SPP SPA
> 500 traballadores	SPP	

SPP – Servizo de Prevención Propio
SPA – Servizo de Prevención Alleo

Actividades incluídas no Anexo I:

- Traballos con exposición a radiacións ionizantes.
- Axentes tóxicos e moi tóxicos capaces de producir cancro ou lesións no feto, así como dificultades para a reprodución.
- Produtos químicos de alto risco.
- Traballos onde se manipulen explosivos.
- Traballos de minería.
- Traballo con inmersión baixo a auga.
- Construción.
- Produción de gases comprimidos, licuados ou disoltos.
- Traballos con elevadas concentracións de pó de sílice.
- Traballos con riscos eléctricos de alta tensión.